

Buenos Aires, 2 de Marzo de 1972

Sr.D. Ricardo Carballo Calero

Santiago

Meu querido amigo:

Recibín noticia por Ramón Piñeiro de que remataches a oposición de Cadeirádego titular de Lingüística e Literatura Galega na Universidade Compostelán, e que, en máis, fixeche unha oposición brillante como moitos supoñíamos que farías. Non sabes canto agradecín esta carta de Piñeiro e a alegría que nos produxo. Eu sinto como propio cada éisito da xente da nosa época de Santiago e mais si éste é un amigo benquerido e admirado como tí.

Pola miña parte traballo illado eiquí en Bs.Aires, sen querer sabere nada da coleitividade, cada ves mais cativa en todos os sentidos, e loitando ó meu xeito por Galicia, aínda que sexa soio pintando.

Un saúdo agarimoso prátua dona, pra tí e os teus, de nós os dous, e ti resibe unha emocioada aperta de: